

6 *Review*

FIGUEROA, Antón

*Ideoloxía e
autonomía no campo
literario galego*

Ames: Edicións Laiovento.

2010. 195 pp.

ISBN 978-84-8487-185-1

Ana Salgado
 Editora de *ProTexta*:
 Revista de libros de
Tempos Novos.

As guerras da escrita

Nos últimos meses de 2010 viu a luz *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego*, quinto libro de Antón Figueroa, ensaísta e catedrático de Filoloxía Francesa na Universidade de Santiago de Compostela. As relacións inter-literarias e a tensa confrontación entre campo do poder e campo literario centran desde hai máis de vinte anos unha tarefa investigadora que se iniciou en soporte libro con *Diglosia e texto* (1988), obra de referencia para entendermos as particularidades da comunicación, literaria e non só, nun contexto de minorización política e cultural como o que vivía Galicia daquela e que Figueroa denominou ‘estadio épico’.

Nunha entrevista publicada na revista *ProTexta* (2011) Figueroa explica como un profesor de Literatura francesa coma el chegou a estas liñas de procura polo feito de ser o galego ‘un campo de experimentación e de verificación extraordinario, moi activo en termos relativos, un campo particularmente tenso onde se vive a concorrencia, a loita literaria, política’. Resulta revelador ver, a partir desta idea, a maneira en que Figueroa amosa como os principais factores de heteronomía nun momento inicial de conformación dos diferentes campos culturais nacionais foron de orde política. Tamén como isto continúa sendo así en moitos casos de literaturas minoritarias, en canto nas literaturas hexemónicas se dan factores de dependencia con ancoraxes máis directas no campo económico.

Xa desde o título do volume observamos o peso que o pensamento do sociólogo francés Pierre Bourdieu sobre a configuración dos campos culturais ten nos estudos de Antón Figueroa. O labor de pescuda teórica e de adaptación para o estudo da literatura galega de certos marcos de análise con implantación internacional que este profesor leva anos realizando, e que comparte con outros investigadores entre os que podemos incluír ao falecido Xoán González-Millán, canda ao que escribiu *Communication littéraire et culture en Galice* (1997), a Helena González, Arturo Casas e María do Cebreiro Rábade Villar, vese aquí ampliado. Da mesma maneira que fixera cos traballos de Itamar Even-Zohar verbo da teoría dos polisistemas, o autor de *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego* cóntase entre os estudosos que apostaron decididamente pola difusión e pola aplicación ao noso campo

cultural das ideas de Bourdieu, de maneira máis marcada desde a publicación de *Nación, literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia* (2001). A súa xenerosidade intelectual e o seu maxisterio teñen pegada nunha parte significativa do traballo das investigadoras e investigadores saídos da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela nos campos da teoría, da crítica e da historia literaria; por caso os que, dirixidos polo profesor Elias Torres, integran o Grupo Galabra.

Este libro opera tamén contra certas simplificacións das reflexións de Bourdieu sobre o concepto de autonomía e o seu funcionamento nun campo cultural. Figueroa afirma que ‘o concepto de autonomía dos campos artísticos non consiste en absoluto nun limbo da práctica da ‘arte pola arte’ que implica a total indiferenza fronte ao que acontece no exterior’ (35) e asegura, nun plano complementario, que ‘os artistas moi comprometidos, máis non moi autónomos como artistas, destrúen a posibilidade dun compromiso real e eficaz da literatura’ (35).

Contén este volume un lúcido percorrido polas tensións que dous polos de atracción refractarios como a ideoloxía e a vontade de autonomización foron provocando ao longo do século xx no campo cultural galego e que fan parte ineludíbel da súa loita pola existencia. O autor comeza por presentar unha introdución de carácter teórico en que se ocupa de expor e analizar o concepto de autonomía en relación coa configuración do campo político e cultural a partir de Bourdieu e dalgúns dos continuadores dos seus estudos como Gisèle Sapiro. A continuación entra de maneira detida aínda que non exhaustiva, a analizar as relacións entre o campo de produción ideolóxico e o campo literario fundamentalmente en tres momentos da historia da literatura galega que considera especialmente significativos: a época Nós das décadas de 1920 e 1930, e logo da fractura que supuxo a Guerra Civil, a xeración de *La Noche* e a Nova Narrativa Galega das décadas de 1950 e 1960. Aténdese de xeito máis demorado, entre outros, ao traballo do poeta Manuel Antonio (1900–1930), convertido en referente fundamental das vangardas históricas, e ao de Francisco Fernández del Riego (1913–2010), responsábel, entre outros moitos emprendementos na posguerra inmediata, das emisións en galego na BBC (1947–1956).

A seguir achegámonos ao desenvolvemento que se realiza en *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego* de tres ítems que fan parte do cerne conceptual do libro: pescuda teórica, experimentación formal e relación co exterior, que aparecen sintetizadas no seguinte fragmento: ‘os artistas, os axentes literarios, os escritores sobre todo, desde Manuel Antonio até os escritores da xeración da Noite e da Nova Narrativa recorreron practicamente a unhas mesmas estratexias: a autorreflexión, a busca formal, a internacionalización, o dialogo interno e exterior’ (181).

Como idea transversal e como punto de ancoraxe do discurso recórrase ao pensamento dalgúns autores vencellados a períodos en que un afondamento na autonomización do campo foi viábel por medio do recurso á reflexión teórica, fundamentalmente daquela que atendeu a estética e soubo situala fronte a condicionamentos de carácter ideolóxico e, moitas veces, esencialistas. Os exemplos máis salientábeis da preguerra serían Manuel Antonio coa súa obra poética e co manifesto *Máis alá* (1922), escrito en colaboración con Álvaro Cebreiro, e Rafael Dieste coa peza teatral *A fies- tra valdeira* (1927) e co seu traballo ensaístico. Sobre este último di Figueroa: ‘páreceme que unha das súa maiores achegas cara á autonomización do campo literario foi a teorización e a racionalización: a súa linguaxe teórica era innovadora, moi afastada da do campo de produción ideolóxico o que

o levaba a rexeitar as súas propostas (e presupostos) estéticas, ruralismos, temas obrigados, etcétera' (101).

Canda esta necesidade de artellar discursos teóricos, a busca formal, entendida como experimentación, como traballo coa linguaxe, é outro dos elementos que Figueroa considera decisivos no camiño de autonomización do discurso literario. Este é tamén outro dos elos que se presentan como constantes nos períodos atendidos de maneira máis detida. Ás obras xa citadas uniríanse a escrita de Xosé Luís Méndez Ferrín e de Gonzalo Rodríguez Mourullo, esta como adianto da profunda renovación narrativa que se dá nos anos sesenta. Relacionada directamente con esta procura estaría o diálogo co traballo artístico internacional. Velaquí un fragmento en que aparecen destacadas as vías nodais que se foron apuntando:

'Os camiños iniciados por Mourullo van constituír a liña de fondo que caracteriza o movemento coñecido como Nova Narrativa Galega que, desde o meu punto de vista, comeza en firme a constitución dun polo de produción fundamental para a existencia do campo literario, porque a partir de entón dentro da literatura galega consolidárase un sector autónomo, autorreflexivo, baseado na forma e na súa teoría e internacionalizado. Cando digo internacionalizado non quero só dicir influenciado por uns ou por outros movementos ou modelos alleos senón, diría tamén 'homologado' (mentres non atope outra palabra mellor) no mundo, ou o que é o mesmo, singularizado mediante a diferenza formal' (156).

Canda a este diálogo co exterior, Figueroa anotaba a necesidade dunha dialéctica interna que fai tamén parte necesaria do proceso de autonomización dun campo. A cuestión amósase fundamentalmente ao longo do libro nas lideiras e nos acordos entre *novos* e *vellos*: por unha banda Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (1886–1950) e Vicente Risco (1884–1963), e por outra Manuel Antonio e o seu 'Prólogo para un libro de poemas que ninguén escribiu' (1924), un dos textos que exemplifican de maneira máis lúcida e contundente a creba con algúns dos valores centrais do campo literario galeguista, sexan estes os grandes referentes do Rexurdimento ou a concepción do verso tradicional e as súas rimas. As tomas de posición de vangarda, subversión ou renovación son explicadas tamén á luz da confrontación entre unha estética popular e outra pura ou culta: 'Creo que os casos de Manuel Antonio ou Mourullo fronte ao campo de produción ideolóxico de cada época fornecen dous exemplos moi significativos desa dialéctica entre o 'popular' e o 'culto'' (126). Figueroa segue novamente a Bourdieu e parécenos pertinente citar aquí unha crítica de Jacques Rancière escrita a partir da lectura da obra de Bourdieu *La distinction* (1979) nun volume titulado *Le philosophe et ses pauvres* (1983), e onde apunta tanto contra certa socioloxía coma contra esta dualidade:

'Cette critique 'sociale' de l'illusion esthétique me parut s'inscrire à l'exact opposé de l'expérience 'esthétique' par laquelle les ouvriers émancipés s'étaient approprié un regard, un langage, des goûts qui n'étaient pas 'les leurs', dans l'exacte continuité, en revanche, du grand souci des élites: préserver les hommes du peuple de cet attrait pour le langage et la culture des autres qui les menait aux impasses du 'déclassement'' (7).

A análise de dinámicas de autonomización dos campos da música e do campo literario francés, por exemplo, nos mesmos períodos en que Figueroa afonda no galego completan unha ollada que trata de reparar na identificación dos mecanismos de poder, simbólico e non, que fan parte ineludíbel do proceso polo cal un libro chega ás nosas mans. Entre outros, o lugar común que asocia a 'literatura política' coa dependencia: 'Hai

FIGUEROA, Antón
*Ideoloxía e autonomía no
campo literario galego*
Ana Salgado

quen interpreta que o feito de que un escritor utilice a temática política ou interveña nela son signos de heteronomía. Isto non é así, e no caso de Galiza resulta particularmente pertinente sabelo pola permanente politización da cultura' (181). En canto agardamos a que Figueroa entre a procurar no antonte, eses anos setenta que apunta no final do libro como outro momento privilexiado para analizar concorrencias entre campo cultural e político, quedáanos, por caso, cavilar sobre as liñas de heteronomía que o poder económico traza sobre un campo que, malia á minorización, non pode por orde política permanecer á marxe.

Obras citadas

FIGUEROA, Antón, 1988. *Diglosia e texto* (Vigo: Xerais).

FIGUEROA, Antón, 2001. *Nación, literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia* (Vigo: Xerais).

FIGUEROA, Antón & Xoán GONZÁLEZ-MILLÁN, 1997. *Communication littéraire et culture en Galice* (París: L'Harmattan).

RANCIÈRE, Jacques, 1983. *Le Philosophe et ses pauvres* (París: Fayard).

SALGADO, Ana, 2011. 'Antón Figueroa: 'Un grande escritor non o é unicamente por razóns literarias'', *ProTexta* 17: 26–27. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1414> [Consulta febreiro 2012]